



O bebé máxico

X. ENRIQUE RIVADULLA.

Edicións Ir Indo. 117 páxinas.

A presente historia, narrada coa visión cinematográfica de **X. Henrique Rivadulla “Corcón”**, pasa de ser unha fantasía para transformarse nunha trama moderna e divertida. ¿Qué acontece cando un bebé chega a unha casa e todo o que funcionaba mal comeza a funcionar ben? O normal é que todos pensen que o recién chegado sexa máxico. Separar a realidade da fantasía é o mellor enigma desta fermosa historia. *O bebé máxico* é un conto entrañable, moi realista, onde os golpes que vai dando a vida suavízanse tras a mirada inocente dun rapaz de catorce anos que relata en primeira persoa a súa historia. Aparece na colección “Elefante Contacontos” e está recomendado para rapaces de máis de oito anos. Os debuxos son do ilustrador e humorista gráfico **Kiko da Silva**, unvigués de vinteún anos, coñecido polos seus traballos na prensa e no mundo da banda deseñada e da ilustración.